



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE XANEIRO DE 2019, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Concelleiros/asD. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D<sup>a</sup>. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ  
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ  
D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN  
D<sup>a</sup>: BEATRIZ AMENAL JUNQUERA  
D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ  
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ  
D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE  
D<sup>a</sup>. MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY  
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta de xaneiro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17/12/2018)**

Dáse conta da acta do pleno celebrado o 17/12/2018 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2.- Acordo, se procede, ratificación de Resolución da Alcaldía núm. 35/19, do 23 de xaneiro, pola que se aproba o proxecto corrixido da obra de Acondicionamento de espazo verde público en Fontao (Plan único de Concellos) POS +2019. Plan Complementario.**

Dase conta da Resolución da Alcaldía núm. 35/19, do 23 de xaneiro:

“O Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día 13 de decembro de dous mil dezaoto acordou participar no *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS + 2019*.

Visto o requirimento da Deputación Provincial sobre deficiencias no proxecto de *Acondicionamento de espazo verde público en Fontao* (Expediente 2018000038686)

Dado que se trata de correccións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica, en función das competencias que legalmente me veñen atribuídas pola lexislación vixente, e sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno



## RESOLVO

Aprobar o proxecto corrixido de *Acondicionamento de espazo verde público en Fontao* redactado polo arquitecto don Fermín González Blanco , cuxo orzamento ascende á cantidade de 117.232,16.”

A Comisión de Economía e Especial de Contas, por unanimidade dos asistentes, informa favorablemente a ratificación da mesma.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo votará a favor. Sinala que unha vez máis vese retrasada a execución da obra e manifesta a falta de previsión nas obras do POS+ que sempre van tarde, mal e arrastro. Solicítalle ao grupo de goberno máis disciplina no traballo.

A Presidencia resposta que neste caso a Deputación esixe que volvan os expedientes a pleno para corrixir pequenos erros na redacción dos proxectos e esperan minimizar ese tipo de erros.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta se a culpa é dos técnicos da Deputación. Volve insistir na falta de previsión que teñen nas obras do POS+. As bases saen no mes de outubro e sempre aproban as obras en decembro, cando o grupo de goberno ten maioría absoluta e podería facer o que quixera, xa que non consultan nada co grupo socialista. As obras do POS+ 2018 non comezaron aínda no ano 2019.

A Presidencia di que o POS+ 2018 é o das pistas, e non ten sentido licitar uns asfaltados no inverno. O que lle sorprende é que para corrixir un erro teñan que volver traelo a Pleno, que é o que retrasa a execución das obras.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor de PP e PSdeG-PSOE, e dúas abstencións do BNG-AA e o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.

### **3º.-Aprobación, se procede, sobre bases reguladoras da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte do Concello de Vedra. Curso escolar 2018/2019**

Dáse conta da proposta de bases reguladoras da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte do Concello de Vedra, para o curso escolar 2018-2019.

A Presidencia di que é a primeira vez que se establecen axudas deste tipo. Recolléronse ideas de concellos próximos, intentando adaptalas á situación de Vedra. Esta primeira vez vai permitir ver onde estás as maiores necesidades, se nos estudantes de primaria, secundaria, bacharelato; se os fondos son suficientes, etcétera.

Solicita o apoio a estas bases.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo votará a favor. Opina que deberían centrarse nos estudos non obrigatorios. No ensino obrigatorio hai máis axudas: axudas a libros, material escolar, etcétera. Considera que deberían ser partidas pechadas e co número de becas estipuladas. Se non se pechan partidas pode que algún estrato educativo quede sen axudas. Dálle a impresión de que isto está feito pola proximidade das eleccións municipais.



O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que votará a favor e entende que existe o compromiso de revisar a proposta para o ano que vén unha vez se teñan os datos do que aconteza este ano.

A Presidencia replica que segundo o que suceda este ano, e onde van ver por onde teñen que ir as bolsas, axudas, etcétera. Trátase de favorecer ás familias, co mínimo esixido pola lei.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que lle gustaría que para a próxima vez contaran co grupo socialista, e non só para votar.

Postas a votación as citadas bases, apróbanse por unanimidade dos asistentes.

#### **4º.- Acordo, se procede, de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2019 correspondente a facturas con rexistro de entrada de 2018.**

Vistas as facturas presentadas que deseguido se relacionan, xustificativas de gastos, e que ascenden a cantidade acumulada de 160.003,64 euros.

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local e no artigo 185.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento de obrigas.

A Presidencia indica que son dous tipos de facturas. As de electricidade que entraron por FACE a final de ano, e non houbo Xunta de Goberno para aprobalas, e as que fan referencia ao Servizo de Axuda no Fogar do último trimestre, que está vinculado ao ingreso da Xunta do último trimestre que se produce a principios de ano.

Como todos os anos, no primeiro Pleno do ano hai este recoñecemento extraxudicial. Segundo lle informan dende o departamento de tesourería, poucas facturas máis van vir a maiores deste tipo. Solicita o voto a favor.

Posto a votación o citado acordo, apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE, e dúas abstención do BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

#### **5º.- Moción do BNG-AA para a creación dunha plataforma municipal de e-commerce**

Declárase a urxencia deste punto da orde do día que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

Deseguido dáse conta da citada moción na que o voceiro do BNG expón que no ano 2013 o Grupo de Traballo do BNG-AA *Emprendedores* traballou nunha batería de propostas para mellorar e axudarlle aos emprendedores e ás microempresas de Vedra, algunha das cales incluíron no seu programa electoral do 2014.

Algunha desas propostas recolleunas o goberno municipal do PP reinterpretaoas á súa maneira, tendo como resultado o Centro de Coworking Municipal, construído nun vagón de tren (propiedade da Asociación de Amigos del Ferrocarril) sito na estación de ferrocarril de Santa Cruz, cun investimento de centos de miles de euros.

Unha das accións do grupo de traballo *Emprendedores* era a formación e acompañamento dos emprendedores no desenvolvemento dun espazo propio de e-commerce, como complemento necesario ao espazo de coworking ou viveiro de empresas, asumindo os gastos da tenda virtual o concello, posto que existen plataformas gratuítas a través das cales os usuarios poden xestionar a súa propia tenda virtual, e o



papel do concello sería simplemente ter un servidor alugado para o uso de iniciativas de emprendedores.

Dado que en Vedra, unha conexión a internet de calidade supón un luxo, vetado para moitos veciños/as, a moción pretende romper esa brecha dixital a través do espazo de Coworking Municipal de Santa Cruz, propoñéndolle ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Que o Concello de Vedra, contrate un hosting WordPress e PrestaShop externo de boa calidade, coa finalidade de que o deficitario acceso á rede no concello non limite o traballo nun servidor físico.

O hosting terá a finalidade de albergar webs wordpress con plugins específicos para e-commerce (tipo woocommerce, ou semellantes), ou tendas PrestaShop, atendendo á demanda, ou necesidades dos emprendedores, microempresas e usuarios do espazo de Coworking).

As webs e tendas serán en todo caso WordPress ou PrestaShop, por ser gratuítas, compatibles entre si e de código aberto.

2º.- O Concello cederá a plataforma de e-commerce gratuitamente durante dous anos, coa finalidade de que unha vez estabilizado o proxecto empresarial, as empresas migren a web ao seu propio hosting, deixando a plataforma liberada para que un novo usuario tire proveito da infraestrutura.

3º.- Inicialmente contratarase un experto, para informar e formar aos usuarios do espazo de coworking, así como aos emprendedores e microempresas que o demanden. Facendo un acompañamento a estas persoas durante os dous primeiros anos do lanzamento da tenda.

4º.- Posteriormente, aquelas persoas que recibiron inicialmente a formación, serán as encargadas de acompañar e formar aos novos usuarios do hosting e-commerce municipal. Para este fin, as persoas que accedan ao servizo gratuíto, á formación e ao seguimento, estarán obrigadas a asinar un compromiso equivalente para realizar o acompañamento e a formación aos novos emprendedores

5º.- Solicitamos así mesmo, que se inclúa nas bases para o acceso ao espazo de Coworking, a obrigatoriedade de formarse nesta capacidade dixital no curso municipal de e-commerce, sendo precisamente a validación destas capacidades a condición que habilite para o goce do espazo de traballo corporativo.

Desta maneira o acceso, produciríase en dúas fases. Unha primeira de carácter provisional, mentres non valide as súas capacidades a través do curso, e unha definitiva, unha vez validadas estas.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que forma parte dunha proposta que levaban no programa electoral. A proposta vén sendo ter un viveiro de empresas dixital. Ter un viveiro de empresas físico é complexo, e o espazo coworking valería como espazo físico e é viable e accesible economicamente ter un viveiro de empresas dixital.

Outros concellos xa o experimentaron. Estas propostas teñen éxito cando se crea unha comunidade de xente que colabora e que soluciona dúbidas. É por iso a obrigatoriedade de que quen reciba unha empresa no viveiro de empresas dixital, estea obrigado a facerlle o seguimento aos que se incorporen no futuro para que entre todos se xere esa comunidade que vai permitir que saia adiante correctamente.

O centro de coworking é un regalo que se lle fai aos emprendedores, obrigando a que se formen dunha maneira laxa e creen esa comunidade.

Solicita o voto a favor.



A Presidencia contesta que é un tema interesante e que está de acordo coas propostas da moción, polo que o seu grupo votará a favor. No Pleno do mes de febreiro traerán as bases de uso do centro coworking e incorporarán este tema. Intentarán entre todos poñelo en funcionamento o máis pronto posible.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que o seu grupo votará a favor. Di que se camiña cara un mundo dixital e cre que é produtivo que as novas empresas poidan ter acceso a esa información. Espera que non sexa unha moción máis aprobada por unanimidade e que quede no caixón. Desexa que se leve a cabo.

A Presidencia di que o tempo dará e quitará razóns. Cre que é unha moción acertada e estarán en contacto co resto dos grupos políticos para poñer iso en marcha o máis pronto posible.

Posta a votación a citada moción apróbase por unanimidade.

### **6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

--Ás preguntas de Plenos anteriores do Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto aos lodos que apareceron no río Ulla, di que o 19/12/2018 contestaron da Subdelegación do Goberno confirmando que se produciran por arrastres de terra derivados das tormentas que houbo a principios do mes de xullo.

2º.- Sobre o custe dos focos da pista de rodadura de Vedra, di que aínda non presentaron a factura correspondente.

--Ás preguntas de Plenos anteriores do concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o polígono industrial di que a burocracia neste tema é tremenda, a lentitude administrativa desesperante e máis cando se trata dunha modificación puntual do PXOM, o cal leva a demoras.

Nesa modificación puntual do PXOM están no tramo final para favorecer o desenvolvemento do polígono e facelo por fases. Cando todo parecía que no último trimestre do ano estarían todos os informes, requiriron varios informes sectoriais máis; un da Dirección Xeral de calidade ambiental e cambio climático que xa foi recibido co visto bo, de Medio Rural que tamén xa se recibiu co visto bo, e un terceiro de Augas de Galicia que remitirán nestes días. Di que espera que sexan os últimos que solicitan.

Tan pronto se reciban os que faltan, traerán a Pleno para a aprobación provisional desa modificación puntual do PXOM. A partir de aí irá á Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva, e á vez, para non perder máis tempo, e da man dos técnicos da Xunta de Galicia, xa se foi traballando paralelamente no proxecto de sectorización para que vaia de acordo cos criterios establecidos pola Xunta de Galicia. Confía que esa tramitación sexa breve e favorable.

Logo quedaría o proxecto de urbanización e parcelamento, que tamén se poden tramitar de forma simultánea e é o que menos problemática tería.

Pretendía que toda esa tramitación estivera rematada e que no ano 2019 fora unha decisión dos empresarios o feito de meter as máquinas para comezar o traballo. Confía que nos próximos meses saia para adiante e estea todo rematado no ano 2020.

--Á pregunta de Plenos anteriores do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, sobre a contratación de traballos a realizar no arquivo municipal, a Presidencia contesta que consultou ao grupo parlamentario do PP e dixéronlle que houbo unha pregunta



parlamentaria feita polo grupo En Marea en relación a ese tema, e que a contestación saíu publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, número 352 do 05/09/2018 e que entenden que con iso é suficiente e non é preciso nada máis.

--Ás preguntas formuladas no anterior Pleno por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a comunicación das viaxes institucionais do Sr. Alcalde, di que xa está contestada.

2º.- Respecto á atención primaria no Centro de Saúde de Vedra, responde que como xa saben hai tres médicos adscritos en Vedra. Nos últimos meses, co concurso de traslados e por unha baixa de maternidade, houbo bastantes días nos que só había dous médicos. O grupo de goberno estivo e está en contacto permanente con Eloína Núñez, que é a xerente da área sanitaria de Santiago, da que dependen estas circunstancias. Agora mesmo a situación está normalizada e estabilizada.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o apoio á iniciativa do grupo parlamentario socialista para que Vedra teña os tres médicos que lle corresponden, di que xa está contestada.

2º.- Respecto á campaña “En negro contra a violencia”, di que si se recibiu ese mail e evidentemente todas as campañas sobre a violencia de xénero son positivas. Non recorda se nese momento puidera asistir ou non, en calquera caso, o concello de Vedra participa das campañas da Xunta de Galicia e dende o departamento municipal e da técnico correspondente estase a facer un labor importante nese sentido.

3º.- Sobre canto custou dende o seu inicio todo o proxecto de “Próxima estación”, di que hai que diferenciar o que foi o proxecto “Próxima estación” de todas as reformas que se están a facer alí en canto a instalacións, etcétera.

A reforma da casa da estación comezou na época do Sr. Odón Cobas, e continuouse coa reforma dos baños, urbanización, naves, vagón, etcétera. Todo é parte dun proxecto para recuperar un espazo único para a cidadanía, sendo un lugar para a formación, un espazo sociocultural e por suposto para os emprendedores e emprendedoras. Cando se recuperan eses espazos para a cidadanía entende que non se pode falar en termos de perda.

En relación ao proxecto de “Próxima estación”, aínda non están pechadas todas as cifras; hai cousas subvencionadas e outras non. No próximo pleno espera poder traer as cifras completas.

As inversións e infraestruturas son fases que se foron facendo con subvencións da Xunta de Galicia, con obradoiros de emprego, etcétera.

4º.- Respecto ao que está a pasar no Centro da Terceira Idade, responde que existe a normalidade. O único é que Mari Carme está de baixa.

5º.- Sobre as medidas concretas que tomou o concello este último ano en temas de asentamento da poboación, di que queda pendente para o pleno do mes de febreiro.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia responde:

1º.- Sobre a adxudicación do servizo de iluminación pública, di que non está de acordo nas opinións e valoracións que fai. A Presidencia entende que non existe ningún erro nas cláusulas. Recorda que cando se iniciou o procedemento o concello tiña solicitada unha subvención, pero non tiña concedida ningunha. Posteriormente veu concedida esa



subvención. Xa falaron co IDAE e non existe ningún tipo de problema. En calquera caso é a primeira vez que o IDAE, nunha subvención deste tipo, saca a posibilidade de subvencionar a parte de inversión realizada por unha empresa de servizos enerxéticos. É a primeira vez para todos e por iso existen dúbidas por parte de todos de como hai que tramitar, xustificar e resolver as distintas cuestións que van xurdindo, como é o caso que se formulou de recuperar a titularidade para o ano 2022.

Están en contacto permanente co IDADE e o cinco de febreiro teñen unha xuntanza de traballo en Madrid cos técnicos para ir resolvendo todas esas cuestións.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que existe unha contradición na resposta. Por un lado afirma que non hai ningún problema, e por outro lado di que hai dúbidas.

A Presidencia resposta que non existe ningún problema co tema das cláusulas; e nas outras non é o mesmo que haxa dúbidas de como hai que executar, xustificar, tramitar ca que existan problemas.

Non existe problema en que a 31/12/2022 teña que volver a ser titularidade municipal as instalacións. Hai diferentes fórmulas de facelo e só hai que buscar xunto cos técnicos cal é a máis favorable para os intereses do concello. Existen máis cuestións técnicas que xorden porque nunca se fixo iso por parte do IDAE. Nas cuestións que formulou o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, non existen problemas.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se unha das opcións pode ser facer un contrato de arrendamento das instalacións coa empresa adjudicataria.

A Presidencia contesta que iso é o que teñen que ver co IDAE, e despois da reunión do cinco de febreiro poderá resolver esas dúbidas.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se a Presidencia é consciente de que hai catro meses que se resolveu o concurso e que a día de hoxe son incapaces de asinar o contrato. Pregunta tamén se está asinado sen subvención.

A Presidencia di que o contrato está asinado e non ten nada que ver a subvención. Para a subvención hai un prazo de dous anos e medio para adjudicar.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ao informe sobre cales son as modificacións solicitadas para no ano 2019 co novo plan de transporte, di que llelas facilitará esta semana.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que a pregunta era en que se mellorou, cal é a mellora que se produce despois de acollerse o concello ao plan de transporte de Boqueixón e Teo.

2º.- Sobre as cuestións formuladas sobre o PXOM, di que quedan pendentes para o pleno do mes de febreiro.

3º.- Respecto á solicitude da RPT definitiva, contesta que pode falar co Sr. Secretario para que lle facilite unha copia da mesma.

4º.- Sobre a solicitude do proxecto da depuradora de Bazar, contesta que non chegou aínda o proxecto definitivo, que quedaron de darllo estes días. Cando chegue comunicarllo para que o poida ver no departamento de urbanismo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA pregunta cal é o motivo polo que non se xerou un PXOM novo.

A Presidencia di que a resposta queda para o próximo pleno.

#### **7º.- Rogos e preguntas.**

--Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE pregunta:



1º.- No mes de novembro foi á mesa de contratación para pedir un préstamo para o proxecto da depuradora de Vedra, e segundo dixo o Sr. Alcalde agora, este aínda non está aprobado.

A Presidencia replica que o proxecto hai que aprobalo en pleno coas bases de licitación. Na Xunta de Galicia xa se foi tramitando. Falta unha autorización por chegar e cando o faga aprobarase en pleno.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta por que había tanta presa por solicitar o préstamo.

2º.- Sobre o preito co BBVA respecto deses 80.000 € do polígono, pregunta cal é a situación nestes momentos e en que fase está por parte da Deputación.

A Presidencia responde que quere dicir que lle pasaron os recibos en vía de prema.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta se a Deputación recada para o concello e se é ela a que ten que reclamar a execución da sentenza.

O Sr. Secretario di que si, que o concello pasoulle a documentación e é ela quen tramita o expediente.

A Presidencia di que a Deputación emitiu os recibos e liquidáronllos xa.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta se están cobrados, e sería interesante sabelo.

3º.- En plenos anteriores aprobáronse por unanimidade dos asistentes dúas mocións. Unha na que se ía crear unha lista de acollemento para persoas refuxiadas, da que non se volveu saber nada; e outra sobre a homenaxe a Mariano Lema. Di que para o seu grupo é unha vergoña.

A Presidencia contesta que no tema de Mariano Lema, se todo vai ben, se fará no mes de marzo o acto.

4º.- Pregunta se o día un de xaneiro se celebra o día de San Manolo, tal e como aparece nos almanaques municipais, en honra ao Sr. Costa Carneiro.

--O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Segundo a Lei de memoria histórica, no seu artigo 15 apartado 1 di: *“Las Administraciones públicas, en el ejercicio de sus competencias, tomarán las medidas oportunas para la retirada de escudos, insignias, placas y otros objetos o menciones conmemorativas de exaltación, personal o colectiva, de la sublevación militar, de la Guerra Civil y de la represión de la Dictadura. Entre estas medidas podrá incluirse la retirada de subvenciones o ayudas públicas.”* E no apartado 3 di: *“El Gobierno colaborará con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales en la elaboración de un catálogo de vestigios relativos a la Guerra Civil y la Dictadura a los efectos previstos en el apartado anterior”.*

Chegoulles unha foto dun lavadoiro de Trobe onde hai unha insignia de simboloxía franquista. Solicita que se retire de inmediato esa placa dese lavadoiro e que se elabore un catálogo de vestixios da Guerra Civil e ditadura coa finalidade de poder eliminar ditos símbolos.

2º.- Solicita que se actualice a páxina de youtube do concello, como fixeron coa páxina web. Tamén solicita unha cámara e un altofalante para o son de ambiente, xa que a calidade do son é cativa.

3º.- Pregunta cando van comezar as obras no CPI de Vedra. A Presidencia responde que tan pronto como terminen as clases, a partires do 23 de xuño.

4º.- Pregunta porque se cambiou a situación das Xornadas arredor da Camelia. Considera que a mellor é ao lado do pazo de Santa Cruz, pola súa riqueza botánica e paisaxística e polo amplo aparcadoiro.

5º.- Solicita o arranxo dos tubos en Paizás.





6º.- Solicita a copia do informe dos lodos no río Ulla.

7º.- Recorda que quedou sen responder a pregunta do pleno anterior de como se distribúen os cartos das dotacións aos partidos políticos do concello.

8º.- Respecto á campaña “En negro contra a violencia” non lle quedou claro se o concello ten a intención de participar. O feito de que haxa campañas da Xunta de Galicia e de que se realicen no concello, non quere dicir que non se poidan facer máis cousas ao respecto. Cre que esa campaña é das que máis visibilidade ten a nivel galego.

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Respecto á contratación da renovación da iluminación pública, roga que no próximo pleno despois da reunión do día cinco de febreiro, aporte información ao respecto.

2º.- Solicita de novo o estado de contas do convenio entre o concello e os propietarios do polígono industrial.

3º.- Respecto aos terreos do plan especial de solo dotacional en Xián, onde hai 6.000 m<sup>2</sup> que eran de propiedade pública municipal, e o resto dun propietario privado; resultou que logo unha sociedade mercantil matriculou no rexistro da propiedade ese terreo ao seu favor. Hai case un ano que o concello a través da súa asesoría xurídica estivo facendo xestións no rexistro da propiedade, e parece ser que a día de hoxe ese terreo segue sendo de titularidade privada. Solicita a información ao respecto e pregunta que ten pensado facer o concello para recuperar a titularidade.

Nese mesmo solo na parte de titularidade privada cortouse unha carballeira centenaria, recollida no plan especial como de obrigada preservación e conservación, e débese ter incoado un expediente de reposición da legalidade. En diversas ocasións en plenos a Presidencia respondeu que xa estaba incoado, noutras dixo que había dificultades para notificarlle ao propietario e noutras que se lle dera traslado a medio ambiente. Pregunta cal é a situación dese expediente e que ten pensado facer o concello ao respecto.

4º.- Sobre as obras de reforma do campo de fútbol de Vedra, o concello devolveu o aval á empresa. Nesas obras, unha vez adxudicadas, foi modificado o proxecto, e esa modificación implicaba unha menor dificultade técnica, un menor tempo de execución e consecuentemente un menor custe; e por outro lado o importe do contrato non se modificou en ningún momento.

Esas obras son defectuosas, hai pozas no asfalto, como recoñeceu o Sr. Alcalde en pleno, e estaban estudando cal sería a posible solución. O asfalto non drena e incumpre as condicións do prego. A pesares diso, devolveuse o aval. Di que á Presidencia dóenlle ben pouco os cartos da veciñanza. Pregunta se ten algunha valoración ao respecto.

5º.- Sobre o Camiño Miñoto, pregunta se considera de interese para o desenvolvemento do concello a posta en uso e en valor do mesmo, se considera que se deberan executar ou iniciar as tramitacións pertinentes para declaralo como BIC, e se esas actuacións entrarían en conflito co desenvolvemento do polígono industrial.

6º.- Pregunta se existe algún paralelismo entre a Cidade da Cultura de Fraga e a Estación de Santa Cruz de Ribadulla do Sr. Martínez Carrillo.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Respecto da ampliación do CPI de Vedra, solicita ao Sr. Alcalde que non perda a oportunidade histórica de ampliar o patio do colexio, recollendo a rúa que dá acceso ao pavillón municipal e Casa da Terceira Idade conservando o arboredo e deitando o muro. Non supón practicamente ningún incremento na obra e duplicaría a superficie do patio. Por outro lado, o acceso ao pavillón pode facerse pola parte de atrás e os autobuses poderían aparcarse pola parte de atrás e facer aparcamentos en batería.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



2º.- Pregunta como é posible que o concello de Boqueixón con 700 habitantes menos teña no seu centro de saúde un ATS máis ca en Vedra.

3º.- Pregunta cando vai ser a inauguración do arquivo histórico de Vedra.

4º.- Considera que a homenaxe a Mariano Lema tería que ser nesta lexislatura.

5º.- Respecto ao IDAE e o contrato de iluminación pública, tiña entendido que para xerar ese contrato e máis para calquera outro problema existía un asesoramento técnico conformado por persoas ligadas á FAEPAC. As mesmas persoas que plaxiaron un informe enerxético en Vedra. Pregunta se non foron capaces de prever os conflitos que xeraría ese contrato co IDAE e canto se lle pagou por ese asesoramento.

6º.- Solicita que se borren as pintadas que hai en Trobe.

7º.- Pregunta se se vai producir a adhesión á campaña “En negro contra a violencia”, tal e como solicitou no anterior pleno.

8º.- Respecto á devolución do aval da pista de rodadura de Vedra, di que se a cicloxénese que se prevé para os próximos días llo permite, promételle unha foto coa piragua na pista de rodadura.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta minutos.